

PROGRAMACIÓN DOCENTE
TÍTULO DA MATERIA

curso 2020-21

ESQUEMA XERAL

- i. Datos descritivos da materia
- ii. Contexto da materia
- iii. Obxectivos xerais
- iv. Adquisición de destrezas e habilidades
- v. Volume de traballo
- vi. Distribución de contidos: teóricos e prácticos
- vii. Metodoloxía docente
- viii. Avaliación da aprendizaxe
- ix. Observacións

I.- DATOS DESCRIPTIVOS DA MATERIA.

Nome da materia	“Comunicación Corporal”
Código	
Curso	Primeiro
Créditos Totais	3
Horas totais de traballo da/o estudante	32
Cuadrimestre (especificar 1º/2º)	Segundo Cuatrimestre
Lingua na que impartirá a materia (galego/castelán)	Galego

I.1. Profesora/Profesor:

Profesor/a	Créditos (especificar A, P ou V)	Horario titorías	Lugar de Impartición	Lingua
Sabela Gago Menéndez	3	Mércores	Sala Emilia Pardo Bazán Asistencia telemática	Galego

A = aula P = laboratorio V = viaxe de estudos

I. 2. Coñecementos previos aconsellados para cursar a materia, se procede:

Teóricos:

Prácticos:

Observacións: Non é necesario ter coñecementos previos para cursar esta materia.

É precisa unha actitude de apertura a modelos novos de expresión e comunicación cos compañeiros e co espazo.

II.- ENCADRAMENTO DA MATERIA NO CICLO INTENSIVO

III.- OBXECTIVOS XERAIS

- Experimentar a importancia que teñen o corpo e a voz na comunicación
- Conseguir empregar recursos expresivos na súa vida diaria
- Familiarizarse cos elementos da linguaxe teatral
- Coñecer as particularidades da escrita dramática
- Explorar dinámicas creativas de escrita dramática
- Conseguir a desinhibición necesaria para gravarse vídeos realizando pequenas interpretacións
- Compartir cos compañeiros os seus traballos en redes

IV.- ADQUISICIÓN DE DESTREZAS E HABILIDADES

Esperase dos alumnos que:

- Que perciban o seu corpo e a súa voz como os seus máis importantes recursos expresivos e logren unha relación consciente entre ambos, co fin de conseguir unha mellor comunicación consigo mesmos e co mundo.

V.- VOLUME DE TRABALLO

Técnica	Horas presenciais aula	Horas presenciais fora da aula	Factor de traballo do alumno	Horas de traballo persoal do alumno	Horas totais do alumno	Créditos
Clase maxistral						
Prácticas	22			10	32	3
Viaxe de estudos		2				
Probas de avaliación				2	2	
Total		2		12	34	

VI.- DISTRIBUCIÓN DE CONTIDOS

Programa práctico

Tema	Contidos	Duración
1	Consciencia Corporal/Corpo en acción/Técnicas de comunicación non verbal	5
2	O corpo en relación (cos outros corpos/co espazo/cos obxectos/coa música)	7
3	Traballo vocal con texto (ritmo/curvatura/pausas/tonalidade/volume)	4
4	Elementos da linguaxe dramática (personaxes, acción, espazo, tempo, conflito)	8
5	Escrita dramática	8

Viaxes de estudo (se as houbera)

Tema	Actividades a desenvolver	Duración
	Saída a ver un espectáculo teatral	2 h

Bibliografía básica

“La expresión corporal” P.Stokoe. Ed Paidós

“El lenguaje del cuerpo” Julius Fast. Ed Kairós

Bibliografía complementaria

“De la expresión corporal a la comunicación interpersonal” P.Santiago. Ed Narcea

“Gramática de la fantasía” G. Rodari. Ed Avance

“Interpretación y análisis del texto dramático”. Villegas.

VII.- METODOLOXÍA DOCENTE

Clases

PRÁCTICAS

--Presenciais

Serán clases prácticas onde a experimentación sexa a base da aprendizaxe.

Os xogos teatrais, a improvisación e as distintas técnicas de expresión representan os tres eixes de traballo que permitirán aos participantes establecer a conexión co propio corpo, co grupo e co espazo de traballo.

A profesora axudará a fortalecer a confianza nos compañeiros, a dar seguridade a cada persoa, a promover o respecto mutuo e descubrir as potencialidades e limitacións de cada participante.

O corpo e a voz serán os instrumentos de traballo para sentir, atravesar e explorar o entorno e poñerse en relación cos outros.

Este curso precisa da implicación de cada integrante para achegarse ás claves da linguaxe corporal e poder acceder á parte máis creativa da comunicación.

As sesións estarán divididas nunha parte de quecemento outra de xogo dramático ou improvisación e unha terceira onde se fará unha pequena reflexión sobre o traballado.

--Telemáticas

Empregando a plataforma FAITIC, e sempre que non se permita a asistencia, o alumnado terá acceso as clases por vídeo, gravados pola profesora, con actividades para facer individualmente na casa.

Os traballos dividiránse en dúas áreas

1-- Preparación técnica –Exercicios articulatorios e vocais para o traballo coa voz

Exercicios de coordinación e expresión para o traballo co corpo

2—Traballos de escrita dramática —Recoñecemento da linguaxe dramática e os seus elementos

Binomio: estímulo-resposta nas dinámicas de escrita

Escritura de textos dramáticos

Viaxes de estudo (se procede)

A saída a ver un espectáculo teatral sempre e cando sexa posible.

VIII.- AVALIACIÓN DA APRENDIZAXE

A avaliación terá como criterios:

- 1- A asistencia e implicación nas clases prácticas.
- 2- A evolución persoal de cada participante no terreo da expresión.
- 3- A entrega dos traballos propostos no caso de non manter clases presenciais.
- 4- O exame por escrito (con acceso a todo o material que precise o alumnado)

IX.- OBSERVACIÓNS

Para as clases Prácticas:

Serán necesario para o desenvolvemento das clases, un espazo amplo e baleiro.

O alumnado deberá asistir con roupa cómoda para favorecer o movemento.

Para as clases Telemáticas:

Será necesaria la conexión a través da plataforma FAITIC e o emprego de internet como recurso para a busca de información relacionada cos contidos da materia.